

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 17 DE XULLO DE 2020**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abel  
Abelairas Rodríguez Isaura  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena  
Fernández Pérez José Manuel  
Gomez Días Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M.<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Gonzalez Castillo, Jesus Marco  
Lopez Roman, Patricia  
Marnotes González, Jose Alfonso

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

Mendez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

##### **MEMBRO NON ADSCRITO**

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezasete de xullo do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

**PRESIDENCIA:** Bos días señores/as concelleiro, iniciamos pleno número 11 sesión extraordinaria para hoxe as nove trinta horas, parte presencial, parte con presenza telemática, constamos quórum, folgadamente cumprido e procedemos coa orde do día que é un punto único, quedar enterado o Pleno do escrito de renuncia ao cargo da concelleira, presentado por Dona Isaura Abelairas Rodríguez pertencente ao grupo municipal Socialista.

Dona Isaura como é público e notorio foi concelleira deste Concello durante un largo período de tempo, cun traballo excepcional nesta segunda epoca e na súa etapa inicial eu quero mostrar non meu nome e no nome da cidade o noso recoñecemento, a Dona Isaura Abelairas Rodríguez por todo este traballo durante todo este tempo, excepcional e magnífico. E a partir de aí como cambia de ámbito político desexarlle os maiores éxitos na súa nova etapa política, no Pleno e no Parlamento de Galicia e se hai algunha intervención e se de dona Isaura quere tomar a palabra estaríamos encantados, se algún grupo quere tomar a palabra darei intervencións.

**UNICO(94).- QUEDAR ENTERADO DO ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA PRESENTADO POR D<sup>a</sup>. ISAURA ABELAIRAS RODRIGUEZ PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA. EXPTE. 2489/1101.**

**ANTECEDENTES:** Con data 13 de xullo de 2020, a concelleira D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez presenta o seguinte escrito:

“Que con ocasión da miña próxima condición de Deputada do Parlamento de Galicia consecuencia do resultado das eleccións o Parlamento de Galicia celebradas no día de onte renuncio o cargo de concelleira do grupo político municipal Socialista, cargo que veño exercindo desde a miña toma de posesión na sesión constitutiva da Corporación celebrada o día 15.06.2019, en virtude do exposto,

SOLICITO

Que tendo presentado este escrito e realizadas as manifestacións contidas no mesmo, previos os trámites que procedan, sexa tramitada a miña RENUNCIA o cargo de concelleira do Excmo. Concello de Vigo.”

Con data 14 de xullo de 2020, o secretario xeral do Pleno emite o informe que consta no expediente.

DEBATE:

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Xa levo tanto tempo na casa, bo día a todos/as, bo día Alcalde, onte púxenme a escribir, a escribir, e cando levaba non sei cantos folios vin cun folio branco, este ten unhas datas nada máis, porque dixen, vas a deixar de ser ti mesma hoxe? Pois non, eu hoxe só teño palabras de agradecemento absolutamente primeiro a ti Alcalde, e me ides permitir que despois se me queredes dicir que cale que xa está ben, pero estou moi agradecida á política, para min a política é unha arte, é unha forma de vivir, é ídesvos a rir de min, pero a min marcoume un libro que son as entrevistas que lle fixo Frei Betto a Fidel Castro que era “Fidel y la religión, como no el comunismo y el catolicismo” algo así, e ese Frei Betto que era un vispo brasileiro, facía unha comparación entre

o comunismo e o catolicismo, o cristianismo e onde viñan a ser os mesmos pero por camiños totalmente diferentes, entón para min a política é isto, a política é intentar facer o mellor posible, dar o máis de ti para intentar cambiar a sociedade, ás veces a sociedade non quere que acabe pero eu sego loitando porque creo nas utopías. Entón téñolle que dar as gracias primeiro, ao meu partido por contar comigo tanto tempo, porque me chamaran a miña casa no momento que fora para formar parte dunha candidatura, dunhas listas, e fun absolutamente feliz, me entusiasmei moito por todas e cada unha das áreas onde estiven, teño que darlle as gracias a todos/as funcionarios cos que compartin traballo cada día, neles encontrei, non aos funcionarios/as, atopei amigos/as que me levo para a miña casa, nomearíaos a todos/as pero non podo porque non acabaría nunca, votarei de menos e sego botando de menos os abrazos polo pasillo, chegar hoxe aquí e non abrazarme, ata as cadeiras, as farolas botabas de menos, foron dúas etapas completamente distintas, dúas delas en gobernos de coalición e a primeira delas o Alcalde era nacionalista que era Lois Castrillo e foi apasionante porque nos estabamos disputando absolutamente todo pero compartimos moitas cousas, daquela eu compartía as tarefas, levaba Limpeza e Festas, e lembro especialmente toda aquela época de ilusión, esperanza, de crear programas novos, dos festivais de Castrelos, de pelexarme con Santi Domínguez do que son absolutamente amiga, el levaba Xuventude e eu levaba esto por espazos e por propostas pero que acabamos coincidindo e concordando en todas e cada unha das historias. Cando o Alcalde me chama para a súa candidatura porque a min me gusta moito as persoas que sempre cumpren a súa palabra e ti sempre cumpriches connigo a túa palabra. A primeira vez, nunha xuntanza do Partido que seguro que non te lembras pero eu si, ti estabas no Porto e eu estaba na miña casa, no cole, porque os direi a todos/as que eu nunca deixei a miña profesión, que a levo na sangue, que a levo na vida, e que foi parte da miña vida, nunca deixei a ensinanza, sempre estiven, só os 4 últimos anos, porque levaba toda a área de exteriores e tiña que facelo. Acercácheste a min, eu baixaba do coche e ías con Losada e te acercaches e me saudaches, nos saúdamos cariñosamente e dixéchesme, “Isaura si eu algunha vez son candidato en Vigo, ti ves comigo” e eu naquel momento quedeime, porque son como son

Alcalde, pero si o crin absolutamente, nunca máis volviches a falar comigo, ata que fixeches a lista e me chamaches e me dixeches “agora é o momento de falar contigo, quero que veñas comigo”, moitos veces, porque pasamos moitas vicisitudes, eu pasei momentos absolutamente malos, sei que fallei moitas cousas contigo persoalmente, pido desculpas pero as miñas circunstancias persoais tamén me levaron a tomar decisións que non podían ser doutra maneira, pero que estaría absolutamente feliz e xa falo ben Alcalde, de estar no sitios que ti me propuxeches, tiña que renunciar polas razóns que ben sabes, non podo dicir que non agora, aínda que estivera coxa, que case estou, aínda que tivera que ir como ía, que agora que tanto ti como Gonzalo, segades contando comigo, a pesares de todo, a pesares do que teño enriba, pois que segades contando comigo significa que nin os anos nin o entusiasmo nin nada me fai non facer o que me corresponde o que me toca no seu momento, por iso Alcalde moitas grazas.

Gracias porque cada vez que me caía a alma aos pes e me dicías “ti estarás aquí mentres eu estea”, eu sempre o crin, porque sei que eres unha persoa coherente co que dis e co que fas.

Falaríavos de todas e cada unha dos concelleiros/as cos que compartín escanos, sentada aquí e sentada alí, gustaríamos nomearvos a todos pero só podo facelo, porque senón estaría toda a mañá, a uns cantos, porque marcaron a miña vida para ben sempre, e me queda o recordo de Beiro subindo esta rampla que non a había, porque hai cousas que fixemos que non estaban feitos, que era do Partido Popular cunha relación estupenda e marabillosa, eu sego tendo o teléfono porque me sego a falar con persoas do Partido Popular porque si, porque teño persoas coas que me falo, me chaman e están pendentos de min e teño a liberdade de coller o teléfono e que mo collan doutro lado sexan do BNG, do Partido Popular e sexa do Partido Socialista e iso creo que é o único que é a ensinanza mais grande que me deu o meu pai, eu dicía o outro día, aquela rapaza de Castelo que saíu coa ilusión de cambiar o mundo, pero non fun capaz de cambiar o meu, pero sigo crendo nas utopías e dáme igual que sexan dun partido como doutro partido, non concordo coas ideas de moitos/as pero si concordo coas persoas de ben, si concordo coas persoas que defenden o seu interese dentro da legalidade, da coherencia, da solidariedade, si concordo totalmente, e me lembro de Manolo Garrido, Manolo Soto, de Beiro e hoxe me lembro porque compartín moito con el e

se preocupou moito de min e eu quizais non me preocupe tanto del como foi o Sr. Figueroa.

No BNG teño amigos/as porque foron esas liortas que tes cando estás competindo por espazos pero que somos capaces de chegar a acordos e chegamos a acordos, nesta etapa, nesta última etapa por irme achegando, tiven momentos moi malos, tremendamente malos, nas que eu mesma me sentía mal, sentíame incomprendida e xustamente me sentía soa, seguramente que inxustamente pero sempre había alguén a o outro lado que se achegaba a min, e neste etapa, Alcalde, cando conformamos o primeiro goberno, só me quero centrar en dúas persoas en ti, e me van a permitir compañeiros/as que todos/as os que estades doutro lado que de verdade que hoxe me gustaría aquí e abrazaros a todos/as, que me vou con grandes amigos/as, que levo comigo aquela tarefa tan importante que tivo para Vigo co Alcalde dun lado e Santiago Dominguez doutro, Carlos Font e máis eu, Carlos, eu creo que naquel momento conformamos algo máis que dous compañeiros de partido, aí conformamos unha amizade que quedou e queda para sempre, naquelas interminables reunións que tiñamos configurando aquel partido no ano 2007, onde nos separaba un escano, anteriormente fora ao revés e agora era desta maneira, chegamos a acordos e chegamos a gobernar, 2007, nove concelleiros, me parece, de nove a partir de aí todo foi algo marabilloso, impensable e algo que unha se vai dicindo, formei parte dunha corporación que chegou a ter 20 concelleiros e algo farei para que a próxima teña os 22, para os chegastes agora e non me coñeces eu son así, o Sr. Marnotes, as veces tampouco entendía o meu humor é así, pero para todos vos teño o meu recordo, o Sr. Pérez Correa, ti que estás escondido, a ti especialmente che agradezo que cada día que chegabas á Xerencia de Urbanismo me preguntabas que tal estaba, e unha cando está mal, tan mal cun cáncer, pois agradece esa solidariedade, Sr. Pérez Iglesias que non está, onde estás? Para ti tamén que sempre estabas pendente de min, e a Sra. Méndez Fuentes, que non sei onde estás que non te vexo pero aí che vai Sra. Méndez un abrazo moi grande, son unha fiel seguidora túa, mira, non sabe ninguén a túa relación e a miña pero si ti e máis eu, verdade? A través da miña filla, eres unha moza moi estupenda, sígote, non concordo coas túas ideas pero quérote. Eu diría algo de cada un vos, se eu digo algo de cada un de vos o Alcalde diría acabouse o tempo, pero sabedes perfectamente que teño un cariño especial

para todos/as, teño un cariño especial querido Cayetano seguro que o vas ver pola tele, pero ti pasaches de ser un compañeiro a ser o meu irmá, dígoche que es o meu irmá maior porque agora xa non teño nin irmá, nunca tiven, pero ti eres esa persoa que estivo, que está e que sei que estará, gracias Cayetano por ser como eres, gracias por acompañarme, gracias por ter esas palabras sempre comigo, ves son así, os de Castelo somos así.

Eu teño que agradecerlle ás funcionarias/os e, non podo agradecerllo a todos porque é imposible, porque collería o listado de persoas, pero é tan bonito, tan estupendo, tan maravilloso ir polos pasillos e que abran as portas e te saúden e che dean un abrazo e que estean contigo, que te levas algo e eu me merecerei todo isto? Deses teño que destacar só vou destacar a dous, vaise enfadar moito comigo o Jesús Moure, tíveno no meu cole e me da, me entusiasma ver que persoas que lles poden aportar algo, ensinarlle algo, eu sempre digo que é o meu fillo que non tiven, e a Jesús Torrón os dous últimos por nomear algún deles, pero Jesús Torrón unha vez que me viu no despacho desesperada púxose detrás miña e dixome “eu sei o que estás a pasar, sei o que é todo isto e estou contigo incondicionalmente” a Pepe Rodríguez que non está, pobre Pepe que estaba comigo en Fomento, tamén Álvaro Crespo que hai que ser agradecidas aínda que unha vez me enfadei moito con el que o quería matar, pero tamén a el porque as circunstancias nos levaron a uns derroteiros que ao mellor non tiñan que ter sido, eu si como son maior voume permitir o luxo de pedir unha cousa a todos/as, e é fagamos política, a política faise nos concellos, coa xente, a política non se fai nos xulgados, nos xulgados só hai sufrimento, só hai rencores absurdos, non se pode facer política e non se pode utilizar a política para levala aos xulgados, non todo serve na política, non todo está ben, e no xulgado é o peor sito onde pode rematar algo, é aquí onde se resolven as cousas, de aquilo que lle interesa aos cidadáns.

Cando unha se pon a repasar iso, escribía onte, imaxinarvos agora, se pon a repasar todo isto, eu teño que agradecerlle moito a toda a xente que está aí fora, aos cidadáns/ás de Vigo que sempre foron moi respectuosos e seguen sendo conmigo, porque agora nesta campaña que eu andaba na rúa cargada e morrendo co calor e todo iso, oíame a miña voz e non me coñecían coas gafas de sol e cun sombreiro e a mascarilla, pero oían a miña voz e dicían “Isaura” para min iso era a cousa máis maravillosa do mundo porque eso só che pasa na aldea cando vas e

todo o mundo te coñece, e Vigo non é unha aldea que é un gran cidade, entón este respecto, esa consideración pois si llo quero agradecer a todos e cada un dos cidadáns e pedirlle desculpas a esas persoas ás que non puideron axudar porque non se podía axudar, pero que puxemos, Alcalde, as bases para poder resolver tantos e tantos problemas de cada un dos cidadáns/ás, sen discriminación de ningún tipo.

Non me vou esquecer do Padre Carlos, coñecerédolo todos que foi misioneiro do Silencio, que levaba o albergue e co que tiveron un encontronazo o primeiro día, e o segundo día que seguro porque el cría nesas cousas, ao segundo día entrou pola porta do despacho e díxome que me quería pedir perdón, e eu quedei “flipada”, como me vai pedir perdón vostede, e me quería pedir perdón porque segundo el na primeira vez non fora moi correcto comigo. Chegamos a ser tan amigos, tan amigos que falabamos de cousas, para el era Deus e para min eran as enerxías pero concordamos os dous nunha historia común, e que me chamaba por teléfono e me dicía “teño medo a morrer”, como vas ter medo a morrer pero se vas directamente, Deus estate esperando cos brazos abertos, unha persoa coma ti que fixo o ben a todo o mundo, sítome moi orgullosa de contar coa súa amizade.

Todas e cada un de vos, concelleiros/as, compañeiros do partido, non vos nomeo a un por un porque non acabaría nunca, e vou deixar para o final aos medios de comunicación, os medios de comunicación que comigo se portaron, non digo ben digo máis alá, porque eu sempre entendín que había detrás dunha cámara ou detrás dun bolígrafo hai unha persoa, que traballa nun medio e que ao final temos todos un vicio que é o de comer, entón como todos temos ese vicio de comer e de coidar a nosa familia entendín, aínda nos momentos máis malos, esa situación, pero me tratastes sempre con moito respecto e con moito cariño, a primeira vez que eu me fun, despedinme de vos cunha comida, merenda, non me lembro, e unha xornalista que me seguía e que me criticaba moito, fixo unha cousa pequena de catro liñas que a teño gardada na miña casa de recoñecemento, respecto profundamente o voso traballo, voteino menos moitas veces, dicía porque non dirán isto, porque non dirán aquilo, entendo perfectamente darvos as grazas polo trato recibido no persoal, no político e en todo e non teño máis que engadir Alcalde, porque eu creo que vou seguir así ata pasado mañá e non é cousa disto, xa se me está pasando un pouco a emoción e seguramente que me queda moita



xente a que agradecer, a todos/as, os que non nomeo, iso de lévovos no meu corazón, crédeme que é verdade que vos levo, que foi unha etapa marabillosa, que foi unha etapa estupenda e que comezo outra etapa que xa non pensaba que ía comezar porque a ver, imos a ser serios, unha muller maior anda que non tivo que chover para que non se lle cuestionara os anos que ten, porque as veces aquelas persoas maiores, a miña nai estaba a pobre metida na casa co pano na cabeza e as zapatillas negras e as “chanclas” de goma, entón esa muller maior que aínda que saian algunhas cousas por aí, a min dáme a risa, porque eu cheguei ti ao mellor non chegas, entón síntome moi orgullosa de ter chegado, síntome orgullosa de toda a xente que atopei no camiño e espero seguir porque sempre teño unha máxima que é que nunca un se pode render absolutamente a nada, tomar as cousas co mellor humor posible, Patricia, e que hai cousas, miro para Patricia e claro digo non a vou a nomear pero tamén teño que nomear a Patricia porque claro case a embarazo eu mesma, a nai dela e máis eu compartíamos ata os embarazos e como moza nova pois lle desexo tódolos os éxitos porque sabe que a quero moito.

E non sei se me queda alguén ou algunha persoa por aí que me quedará seguro é porque estou demasiado emocionada, ó Secretario que está aí moi calado moitas grazas por todo, ao Interventor moitas grazas por todo, só hai unha persoa que non lle dou as grazas porque foi un pouco desleal comigo pero cada un ten apañar coa súa conciencia, o resto é todo o meu agradecemento a todo o persoal do Concello dende a Policía Local ata o última persoa que está nun cole, o bedel, fume do cole e volvín para o cole agora xa non podo ir porque xa me xubilaron tódolos da miña xeración e agora xa non me coñecen, pero aínda quedan algúns da miña xeración co cal penso volver de vez en cando a darvos ese abrazo, esas grazas, ese recoñecemento que non vos podo dar. Todos os que estades doutro lado, non me tedes que mandar apagar o micro agora porque agora o único que me pode mandar apagar o micro é o Alcalde, así que vos quero moito, que sexades, o máis importante da vida é ser felices, dío o Alcalde e dígoo eu, e hai que sacar aínda que sexa do malo hai que sacar o bo, e sempre hai algo positivo, sempre e se miras para atrás sempre vas atopar a alguén que está peor que ti, pois mira para adiante, aprendemos dos erros e corriamos o que non está ben e que gocedes da vida fundamentalmente, da vida e do ben facer na política, temos un mestre, así

que adiante, eu voume encantada para o Parlamento, vou aportar todo o que poida, agradecéndolle moito ao meu Partido, fundamentalmente ao Alcalde e a Gonzalo que teñan contado comigo, para min, sabedes esas cousas que un soña de vez en cando? É imposible e agora vouvos confesar unha cousa, vou a presidir a Mesa de Idade, imaxinádevos, non queres unha cunca de caldo, pois toma dúas, pero como son demócrata, creo na democracia ata me vou a sentir feliz por sentarme alí, así que grazas Alcalde, gracias a todas/os, que vos quero de verdade porque eu son unha persoa que acabo querendo á xente e acabo querendo que as persoas que estiveron comigo e que están comigo e as veces penso e digo, parece que ando mendigando pero cando un está tan mal cunha enfermidade tan “jorobada”, ou pasando por unha situación porque aquí pasei unha cantas, malas, malas, ás veces crees que o de enfronte non te está entendendo e dis, a ver como poden pensar que eu non estou, e que Isaura da conta do recado, esas cousas hai que ter moito coidado cando se din porque Isaura da conta do recado, claro que da conta e ao mellor se te pararas na pasillo e lle preguntaras que che pasa pois igual damos conta do recado xuntos/as, son esas cousas que dis, merece a pena? Non, por iso quero irme cun sorriso, quero ir dándolles as grazas a todos/as, aos da prensa xa non vos dou mais a lata porque as veces me poñía a falar como agora e non paraba e grazas, grazas, grazas Alcalde.

PRESIDENCIA: Algún grupo quere intervir.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu solicitaría a palabra.

En nome do BNG o quero expresar é o noso recoñecemento sincero e o agradecemento polo traballo que durante moitos anos desenvolveu a compañeira a Sra. Isaura Abelairas que xa converteu, por méritos propios, en toda unha institución do Concello de Vigo, eu creo que compre hoxe salientar o seu nome co compromiso social, a súa defensa empática do público, dos servizos públicos, do seu compromiso e respecto e consideración coa nosa lingua e no persoal agradecerlle de corazón a amabilidade, o agarimo, o respecto co que sempre me tratou e rematar dende logo expresando a certeza de que hoxe o Concello de Vigo perdemos unha concelleira que deixou unha pegada importante na historia desta cidade pero que o Parlamento de Galicia gaña unha viguesa brava, coas súas

conviccións, con firmeza, o mellor para esta cidade. Moito obrigado Sra. Isaura Abelairas e os mellores desexos en tódolos ámbitos tamén, e sobre todo no persoal.

SR. PÉREZ CORREA: Eu agradecerlle a Sra. Isaura Abelairas todo o traballo a pesar de que coincidimos nunha etapa, xa na última lexislatura levaba Servizos Sociais nunha etapa que nunca é fácil nesta cidade e quero ademais verbalizar que non todos os concelleiros/as de servizos sociais dos concellos galegos foron tan accesibles ou tan amables con nós, incluso cando facíamos unha crítica ou non estabamos de acordo nas cuestións, e eu espero que no Parlamento de Galicia polo menos, o núcleo humano que haxa te coide como intentamos coidarte todos aquí, porque ademais de ser concelleiros/as a xente se esquece que hai persoas nisto, e o capital político que atesouras eu son dos que digo que todo cargo público, institucional ata a ministro, ata incluso o Papa debería pasar por ser concelleiro nunha corporación local porque o capital que se acumula o dicía moi ben o Sr. Pérez Iglesias, e xa patrimonio da cidade, nós imos a seguir vendo e no que poidamos axudarte dende logo que contes cos homes e mulleres da Marea de Vigo, de Esquerda Unida, de Anova, de Podemos e todas a xente que poidamos botar unha man e agradezerte o traballo deste anos porque a cidade non se entendería, os servizos sociais desta cidade non se entenderían ou cuestións relacionadas coa defensa da educación pública que moitas veces nos esquecemos do esforzo que significou ser un concelleiro de educación ou un traballador da educación pública nestes momentos, e moito ánimo e moita forza que Parlamento tampouco está moi lonxe de Vigo, afortunadamente está a poucos quilómetros, temos a AP-9 e nós seguiremos vendo todos estes anos, apertas.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Isaura, eu fáloche no nome do meu Partido, porque eres unha muller comprometida coas túas ideas e coa cidade porque es unha muller coherente, loitadora, tes o noso respecto e tes a nosa admiración, tes tamén dende o punto de vista persoal o noso cariño, eu agradézoche a túa amabilidade á hora de falar dos meus compañeiros, tes tamén o noso cariño e ademais persoalmente con citas alí onde vas, efectivamente esa adhesión e esa

simpatía, eu deséxoche, desexámosche concelleira Abelairas moitas grazas, moita sorte, deputada Abelairas que che vaia ben Isaura.

Segundo a proposta de acordo que consta no informe emitido o Pleno ACORDA,

“PRIMEIRO. Quedar enterado do escrito de renuncia ó cargo de concelleira presentado en data 13.07.2020 por D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez do grupo político municipal Socialista

SEGUNDO. Trasladar Certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central comunicando que o candidato a quen corresponde o escano atendendo a orde de colocación na lista da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE que concurreu no Concello de Vigo ás eleccións locais celebradas en data 26.05.2019 é (BOP n.º 78 do 24.04.2019. Edicto da XEZ) D. Pablo Luis Estévez Rodríguez (21).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.”

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.